


1966



“De teus recordos vivo ¡Galicia encantadora!
Por teus anacos morro, idolatrado chan,
Onde voou sorrindo d’a miña infancia a aurora,
Onde as mais caras prendas que o corazón adora,
O derradeiro sono en paz dormindo están!...”
(...)

“Serán famosas vilas as que hoje ves aldeas...
A Grana, Ferrol, Muros e Vigo encantador,
D’a órela d’o teu manto magníficas preseas,
Serán mais visitados de embarcations alleas
D’o que hoje son Lisboa, Marsella e Nova-York.”

A Galicia (1887)

FRANCISCO AÑÓN

(Outes, 1812 – Madrid, 1878)

Foi un poeta e xornalista galego que escribiu a súa obra en galego, portugués e castelán. Ten un estilo e unha temática variados nos que se mesturan poemas humorísticos, satíricos, himnos ou composicións nos que en moitos casos Galicia e os seus costumes son o tema principal. Está considerado un dos precursores do Rexurdimento. Tanto é así que Curros Enríquez chamábao “o vello mestre”, e escolleuno como o personaxe de guía para o seu libro *O divino sainete*.

GRANDES ÉXITOS



1889

A obra de Francisco Añón atopábase espallada por diversos xornais e non foi ata despois do seu falecemento que saíu compilada nun só libro. En 1878 sae publicada polo xornal *La Concordia* de Vigo unha primeira escolma baixo o título *Poesía varia*, que seguiría ampliándose en posteriores edicións con novas achegas da súa familia. Biblioteca Gallega editaa en 1889 co título *Poesías gallegas y castellanas*.

En 1861 Francisco Añón participou nos I Xogos Florais de Galicia, organizados na Coruña, co poema *A Galicia* (*Ay esperta, adorada Galicia*), que resultou ser a única composición en galego premiada.

“E neste aspecto, é ben craro que Añón enxamáis deixa de matinar e soñar, con amor enfebrecido, na terra natal. A radical rebeldía do seu espírito, a pelerriante bohemia do eterno desterrado, levano decote por vicios alonxados do país de orixe.”

Francisco Fernández del Riego sobre Francisco Añón no discurso de entrada na Real Academia Galega (1960)

